

Texto: **JULIO CORTÁZAR**
Ilustracións: **EMILIO URBERUAGA**
Tradución: **XOSÉ BALLESTEROS**

Encadernado en cartón
26 páxinas a toda cor. 22x28 cm.
Dispoñible en:

-Galego: "Discurso do Oso". ISBN 978-84-8464-658-7
-Portugués: "Discurso do Urso". ISBN 978-972-8781-81-1


Prezo: 13 €

DISCURSO DO OSO

The White Ravens 2009 (Alemaña)

«No verán nado de noite
na cisterna picada de estrelas,
lávome a cara primeiro cunha man,
despois coa outra, despois coas dúas xuntas,
e iso prodúcese unha grandísima ledicia».

Julio Cortázar



"Discurso do oso" é o primeiro álbum infantil que se publica cun texto de Julio Cortázar, unha creación que o propio autor lle remitiu expresamente a uns nenos en 1952 y que dez anos máis tarde incluíría no seu famoso libro "Historia de Cronopios y de Famas".

Un oso que habita nos canos dun edificio vai descubrindo a estraña e solitaria vida dos seres humanos. Trátase dunha historia asombrosa, fiel expoñente da literatura de Julio Cortázar, considerado polo autor arxentino Alberto Cousté como "unha sorte de ética, disfrazada polo humor e protexida da solemnidade pola tenrura".

Cortázar reúne nesta obra unha sucesión de situacións imposibles, retazos do seu humor surrealista que socavan o racionalismo trivial e mecanizado, cos que expresa a súa rebeldía contra os obxectos e as persoas que constitúen a nosa vida cotiá e a nosa maneira mecánica de relacionarnos con ela.

A palabra "cronopio" xurdiu por primeira vez en 1952, con motivo da crónica dun concerto ao que Cortázar asistiu en París en homenaxe a Igor Stranvinsky. Mentres o público saía no entreacto, o escritor permaneceu no teatro, onde percibiu a sensación de que "había no aire personaxes indefinibles, unha especie de globos que vía de cor verde, moi cómicos, moi divertidos e moi amigos, que andaban por aí circulando".



Deulles ese nome e dixo dos cronopios que "son un pouco a conduta do poeta, do asocial, do home que vive un pouco á marxe das cousas", por contraposición ao concepto de "famas", que atribuíu a "grandes xerentes de bancos, presidentes das repúblicas, a gente formal que defende a orde".

JULIO CORTÁZAR (Bruxelas, 1914-París, 1984)

Vivió parte da súa nenez en Bélxica e Suíza. Estudou Letras e Maxisterio en Arxentina, e traballou como mestre rural en vilas da provincia de Bos Aires. En 1944 impartiu cursos de literatura francesa na Universidade de Cuyo e en 1951, tras obter unha beca do goberno francés, estableceuse definitivamente en París, onde fraguou unha brillante carreira literaria que lle valería o recoñecemento mundial. Da súa produción narrativa destacan "Bestiario" (1951), "Final de juego" (1956), "Las armas secretas" (1959), "Historias de cronopios y de famas" (1962), "Todos los fuegos el fuego" (1966) e as novelas "Los premios" (1960), "Rayuela" (1963) e "62. Modelo para armar" (1968). A obra de Cortázar foi traducida a máis de trinta linguas e ocupa un lugar destacado no acervo literario do século XX.

EMILIO URBERUAGA (Madrid, 1954)

É o responsable gráfico dun dos personaxes máis célebres da narrativa infantil española: Manolito Gafotas, traducido a máis de dazaoito idiomas. A súa obra persoal difundíuse en América Latina, Corea, Estados Unidos, España, Finlandia, Francia, Holanda, Inglaterra, Italia, Xapón e Lituania. Como escritor e ilustrador, publicou traballos en varias editoriais.

- **Temática:** relato surrealista
- **Idade recomendada:** dende 5 anos
- **Aspectos destacables:** a riqueza cromática das ilustracións, o talento literario de Cortázar
- **Aplicacións:** reflexión sobre os comportamentos humanos, introdución ao surrealismo; escrita creativa